

Resolución 3/2026 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado pola Orde do 24 de outubro de 2025, pola que se publican a listaxe de cualificacións provisionais do 1º exercicio (PR461C)

Realizado o primeiro exercicio e procedendo a súa corrección automática á súa inmediata finalización, REUNIDO ESTE TRIBUNAL cualificador do proceso selectivo unitario de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado mediante orde de 24 de outubro de 2025, adoptou os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.: Publicar como anexos a esta Resolución:

- como anexo I, o cuestionario realizado
- Como anexo II, o cadro de respostas correcto
- Como anexo III, a listaxe provisional de cualificacións obtidas por orde decrecente de puntuación.

De acordo co establecido na base 7.12 da orde da convocatoria, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar alegacións as cualificacións publicadas nesta resolución, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución (é dicir, 9,10,11,12 e 13 de marzo de 2026).

As alegacións presentaranse electrónicamente a través do rexistro electrónico da Xunta de Galicia, dirixido a Academia Galega de Seguridade Pública, non sendo admisible ningunha outra forma de presentación.

SEGUNDO.: Remitir á Agasp as respostas individualizadas as alegacións recibidas para a súa notificación aos/as interesados/as xunto con esta Resolución e anexos para a súa posterior publicación na páxina web: <https://agasp.xunta.gal/es>

A Estrada, asinado dixitalmente

Angel Arjona Bernáldez
Presidente do Tribunal

